

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR
CURSO: 6º de Educación Primaria
MATERIA: Lingua estranxeira - Inglés
DATA: 04-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 5	CENTRO: Ceip Plurilingüe San Clemente de Cesar CURSO: 6º de primaria MATERIA: Lingua estranxeira: Inglés
--	---------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	CC
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	CCL CAA
B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	CCL CAA CSC
B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	CCL CAA CSC
	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	CCL CAA CSC
B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese; dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	CCL CAA
B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiás ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	CCL CAA
	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.	CCL CAA
B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics, etc.).	CCL CAA
B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).	CCL
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así		

como símbolos de uso frecuente (p. e. ©, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.		
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).	CCL CD CAA
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CCL CD CAA CSC
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.		
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	CCL CAA CSC
B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións.	CCL CD CSC
B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.		
B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.		

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Intercambios orais co alumnado e análise das producións do alumnado. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas durante este terceiro trimestre.</p> <p>Instrumentos: inclúense os instrumentos que se usaron durante os dous primeiros trimestres. Resolución de exercicios Traballo de aplicación e síntese Xogos de simulación e dramáticos Textos escritos Producións orais</p>
Cualificación final	<p>Como procedemento para obter a cualificación final proponse a media da 1ª avaliación e a 2ª avaliación podendo o alumnado subir nota co traballo realizado na 3ª avaliación. O alumnado que non acadase unha cualificación positiva na nota media da 1ª e 2ª avaliacións poderá superar a materia sempre e cando demostre que acadou, coas tarefas de reforzo, recuperación e repaso do 3º trimestre, os estándares definidos como esenciais polo profesorado trala aplicación dos criterios de avaliación asociados a cada un deles.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Pese a peculiaridade da situación tentaremos manter os principios metodolóxicos indicados nas programacións, se ben en certos momentos non será posible aplicar certos principios, pola imposibilidade de levar a cabo certas tarefas que impliquen a presenza física e a interacción do alumnado. Semanalmente envíanse á inspección educativa copia das actividades realizadas. A modo de exemplo, poñemos as seguintes actividades tipo: escoita de producións orais (narracións, diálogos...), gravación de parte desas escoitas, respostas a preguntas de comprensión escrita, exercicios dirixidos a traballar aspectos gramaticais concretos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ante unha situación como a actual, non todas as familias contan cos mesmos recursos para poder afrontar as propostas establecidas. Por esa razón, artellamos as seguintes medidas compensatorias, e que permiten adaptarse a cada situación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Todas as propostas enviadas contan tamén coa súa explicación por escrito. Nalgún caso están sendo entregadas polo servizo gratuito ofertado polo Concello, e do que foron informadas as familias facendo o centro e os docentes de mediadores para que lle fagan chegar as propostas impresas. Envíanse e recóllense semanalmente.• As tarefas envíanse semanalmente, (ás 20.00 h. aproximadamente) ao correo gmail que se creou para dar respostas ás necesidades que estamos a vivir.• Non se establece un horario fixo para a realización das tarefas, senón que se propoñen de xeito que poidan levarse a cabo no momento en que cada familia o considere.• Ofrécense manuais de uso de ferramentas (por exemplo: Abalar móbil, Snappet, aulavirtual BlinkLearning ,a cal oferta a posibilidade de traballo offline,...), así como un asesoramento individualizado ante as dúbidas técnicas que teñan, tanto en relación ás ferramentas tecnolóxicas a empregar así como das propostas feitas.• Gran variedade de canles de comunicación coas familias tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos.
Materiais e recursos	<p>Todas as propostas de actividades implican, en principio, contar con recursos TIC para o acceso ás mesmas. Puxémonos en contacto coas familias para saber se podían acceder ás propostas polo menos a través do móbil, ordenador ou tablet. Observamos que a gran maioría está accedendo sen problema. En todo momento se evitou un trato desigual derivado do uso das tecnoloxías. Estamos a utilizar, entre outras: Fichas de traballo, ficheiros de audio, xogos interactivos (Quizziz), correo electrónico, teléfono, aula virtual BlinkLearning.com onde temos acceso ao material empregado durante o curso e contamos con material audiovisual de gran axuda á hora de aprender unha lingua estranxeira.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O procedemento empregado para informar ás familias foi:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazo Abalar- Abalar Móbil: <ul style="list-style-type: none"> ➤ A través do sistema de mensaxería mantemos a comunicación con todas as familias. ➤ Mensaxes individuais, con resposta activada, para manter con o contacto directo coas familias. ➤ Acceder ás cualificación trimestrais dos alumnos/as. • Correo electrónico. • Páxina web do centro. • Teléfono. • Calquera outra vía de comunicación que facilite ás familias o contacto, habida conta da situación excepcional que estamos a vivir: Facebook, WhatsApp...
Publicidade	<p>Este documento será colgado na páxina web do centro para o coñecemento público de toda a comunidade para o cal falicitamos o enlace: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: Ceip Plurilingüe San Clemente de Cesar CURSO: 6º de primaria MATERIA: Lingua estranxeira: Inglés
---	---------------	--